

Proponen que a súa casa se converta nun Centro de Estudos Poéticos despois da homenaxe da Asociación de Escritores Novoneyra xa forma parte da paisaxe do Courel

de C.V.

A pedra quedou chantada nun cruce de camiños desde onde se adiviña o castiñeiro baixo o que comezou a escribir *Os Eidos*. Dunha beira, a devesa da Rogueira, o templo poético onde moran os carnabudos. Da outra, Parada, o lugar da casa labrega. Uxío Novoneyra foi comemorado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega o pasado sábado día 4 de Novembro na homenaxe anual que adican ao escritor na súa terra. O poeta Miguel Anxo Fernán Vello propón que a casa natal de Novoneyra se converta na Casa dos Poetas.

O Courel semellaba parir a cada momento novos símbolos que evocaban a presenza constante de Uxío Novoneyra. "É unha realidade poética construída por el e a súa evocación impregna todo. Coincide de forma plena poesía e figura con terra e paisaxe" comenta o secretario da AELG e poeta Miguel Anxo Fernán Vello. De certo, todos os símbolos coincidían. O carnabudo prantado veu dado nos seus propios versos. O grande menhir de granito de tres toneladas elaborado por Xosé Melión semellaba metáfora do rexo e grande poeta. Os símbolos tecidos na pedra figuraban aquel proceso de coñecemento que agroma da súa obra, o diálogo dos deuses co poeta e a fidelidade á paisaxe da que tanto sabía Novoneyra. Labrados tamén versos escollidos pola súa compañeira Elba Rei que marcan para sempre esa encrucillada desde a que se achegar ao Courel que xa non pode ser sen Novoneyra.

"Carnabudo, árbore que medras no interior do templo onde oficia Uxío a súa litúrgia pagana, erótica, natural e liberadora" case rezou o poeta Xosé María Álvarez Cáccamo diante do monumento e da árbore recién plantada. Reparou que a encrucillada permitía achegarse a dous dos lugares máis queridos por Novoneyra, a devesa da Rogueira por unha banda e á casa de Parada pola outra. Cando Cáccamo visitou a Rogueira entendeu a idea de Novoneyra de poder organizar algún día no Courel un encontro de poetas. A paraxe impúñase de forma sobrecollidora, telúrica, case relixiosa. Como o templo pagán do que el fala nos seus versos.

Lembrólle a Cáccamo aquela vella idea do poeta finado hai agora un ano e baralla mesmo a posibilidade de retomala a xeito de homenaxe ao seu mentor. Miguel Anxo Fernán Vello val aínda máis alá ao reclamar das institucións que convertan a casa de Parada na



Elba, viúva de Uxío Novoneyra, recibiu a escultura de Moncho Amigo coa letra E que anualmente entrega a Asociación de Escritores.

Casa dos Poetas ou no Centro de Estudos Poéticos, un espazo que había servir de biblioteca especializada no autor de *Os Eidos*, centro de estudos poéticos e lugar de acollida tamén para autores de toda parte. "Parada do Courel está na beira do Camiño de Santiago onde a poesía medieval dialogou con outras poéticas, este é tamén o lugar onde fica soterrada María Mariño e a presenza de Uxío impregna todo de poesía. A súa memoria é patrimonio de Galiza, é símbolo da poesía galega contemporánea e el xa forma parte da paisaxe do Courel" razóns de máis que o poeta aporta para argumentar a súa proposta.

As paradas dunha rota posíbel

Pero se a pedra soterrada na encrucillada ía cargada de símbolos, non ía decaír a xomada nos outros actos previstos. Uxío Novoneyra daba nome a unha ruta de Seoane do Courel e a placa impúñase na casa do último alcalde da Frente Popular, lugar logo habitado por un familiar do poeta e convertido tamén nunha popular tasca. Queda así a placa no vello camiño cara o Cebreiro, marcando máis unha vez unha ruta que a cada se toma máis imposible sen a súa presenza.

Era a segunda vez que a Asociación de Escritores homenaxeaba a un poeta morto. Na primeira edición celebrábase a Antón Avilés de Taramancos, presidente coma Uxío da AELG. Novoneyra rexeitou sempre a conmemoración, argumentaba que estando na directiva non era acado que nel recairan as honras. Os seus amigos, poetas e veciños que se achegaron o Sábado ao Courel, coincidían en que a xomada estaba feita a súa medida. Con todos os elementos cos que el construíra a súa poesía.

"Tiña un perfil de poeta que cultivaba un silencio criador que logrou ser identificado como tal pola súa propia actitude. Na súa poesía, enraizada na natureza, combínase o rural coa vangarda. El mesmo dicía que da situación actual debíamolle moito aos escritores do Renacemento. Debémoslle agora tamén a poetas como Uxío Novoneyra que merece unha continua e comprometida homenaxe", afirma Fernán Vello.

"Lémbrome saír a gadañar ás sete da mañá e dicíame o meu pai unha frase que recollín logo nos *Eidos*. Está o ceo limpo coma o ollo do galo. O ollo do ogalo non é limpo. O limpo vén da impresión mesturada entre o canto do galo e a limpeza da mañá", contou un día aquel que gostaba en especial da denominación de *Poeta da Terra*. Os seus veciños, que saben ben o que é o ceo limpo coma o ollo do galo, estiveron tamén na homenaxe xunto aos máis de sesenta escritores que chegaron de todo o país. Poeta de culto para moitos filósofos que reparan na condición reflexiva da súa poesía, Novoneyra non quixo nunca "escandalizar" aos que naceron ao seu carón e desa combinación veña tal vez a grandeza da súa poesía. A xomada remataba "soldando como unha miragre" aos asistentes cos versos recitados pola propia voz de Uxío Novoneyra. Grande poeta da Terra e dicidór. ♦

TOKOS, KESTAS, UCES
AFERVER...
E ARRIBA O PIAPÁXARO



Voltan as vacas tolas

X.R. POUSA

Da toluza das eleccións americanas, que cada convocatoria gaña terreo nos mas media, non en vano os ianquis elixen un goberno de vocación global, pasamos ó repetido fenómeno das vacas tolas, e todo na mesma semana. As vacas sempre semellaron animais tristes, no seu ollar pousado, no seu camiñar quedo, no seu semblante pacífico. Nen Castela, que as quería inmortalizar na futura moeda de Galiza como agradecemento a súa contribución o país, nen os paisanos que sempre depositaron neste animal totemico a redención da proeza podían imaxinar o panorama que vive Europa.

Onte mesmo, un chef de confianza, experto en poñer no punto as mellores carnes da terra, temía polas súas reservas de chuletóns, tras constatar como os clientes tradicionais mudaban as súas encomendas cara o peixe e a caza. Facía menos de veintecatro horas que saltara a noticia dos telexornais e xa estaba creado o efecto de rexeite do produto. En Francia, dende o luns ao martes pasado, o descenso do consumo foi dun 47% teméndose un recorte case que total nas vendas do prestixiado produto. O medo fai furor. Sobor de todo se un presidente como Jacques Chirac ten que saír á palestra para darlle ao problema rango de crise de estado, nada menos que na Francia, país no que aínda se frena a publicación da lista de humanos afectados polo mal.

O mal das vacas tolas está desatando unha onda de pánico entre os consumidores de, de producirse nun escenario electoral como o americano, seguro que trastrocaría os resultados, abrindo unha crise política de alcance. É que no fondo a política, por activa ou por pasiva, está a afectar a todas as actividades do ser humano, especialmente nun mercado, como o alimentario, no que se move tantos intereses.

Como anteriormente fixeron os ingleses, agora os galos van prohibir de raíz a comercialización de toda caste de piensos elaborados a base de farinás animais e que convirten en omnívoros a seres absolutamente vegetarianos como as vacas. O máis lamentable de todo é que mentras os países como Galiza e todo o norte da Península Ibérica sacrifican os animais por imposición comunitaria, primase a produción en base a piensos que son os que en realidade alimentan esa rede de intereses económicos baseada na fabricación de piensos. Quizais parte dos beneficios paguen campañas millonarias. ♦

VOLVER AO REGO

Bush e Gore son dous furiosos nacionalistas americanos, pero o fillo do ex-presidente é deses aos Juaristi pode aplicarlles, pero non o fai, o aserto de "o nacionalismo cúsase viaxando". Seica saíu tres veces dos Estados Unidos e sabe de xeografía menos que un rapaz de 1º ESO, mesmo antes da revisión da Academia da Historia. Claro que perto dun 30% dos congresistas americanos non usaron nunca o seu pasaporte. ♦